

1.5 Administración electrónica

As asociacións son entidades cun nivel de interacción importante coa administración. Este epígrafe analiza cal é o nivel de aproveitamento e de valoración da canle telemática para levar a cabo esta relación.

1.5.1 Datos xerais de uso da administración electrónica

O nivel de uso da administración electrónica entre as asociacións é moi elevado: o 82% das que dispoñen da Internet –o 53% do total– empregaron a rede no último ano para interactuaren coa administración, aínda que maioritariamente de xeito puntual.

A Xunta de Galiza é a primeira institución por intensidade de uso, seguida das administracións locais.

O 82,2% das asociacións galegas con acceso á Internet empregaron esta canle para relacionarse coa administración. Isto quere dicir que máis da metade das organizacións de iniciativa social de Galiza –concretamente, un 52,8% do total– interactúan coa Administración a través de rede.

Este nivel de relación é moi alto en tódolos ámbitos de actividade, tal e como amosa a Figura 36.




Figura 36: Asociacións con acceso á Internet que empregaron a rede para interactuar coa Administración Pública ao longo do 2005.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾

É a relación coas administracións frecuente ou esporádica? En xeral, predominan as interaccións puntuais, que son as normais na metade aproximada das asociacións.

Sobre este patrón, as diferenzas nos distintos ámbitos de actividade son leves ou moderadas, con excepción das organizacións ideolóxico-culturais, para as que son amplamente maioritarias as relacións de carácter como mínimo mensual.




Figura 37: Frecuencia de uso da Internet para conectar coa Administración Pública por parte das asociacións galegas, por ámbito de actividade.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI⁽¹⁾

Atendendo ás institucións coas que establecen relación telemática as asociacións, a práctica totalidade interactuaron coa Xunta de Galiza; en segundo lugar, aínda que a considerable distancia, atópanse as administracións locais, concellos e deputacións; en última instancia, case a metade das asociacións usuarias da administración electrónica interactúa coa Administración Xeral do Estado.




Figura 38: Institucións coas que as asociacións se relacionaron vía Internet como mínimo unha vez no último ano.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI⁽¹⁾

A distribución de usos na relación coa administración é a que amosa a Figura 39: case a metade das asociacións (un 48%, o que significa máis do 90% das que se relacionan coa administración e tres de cada catro con acceso á Internet) empregan a rede para obter información das administracións públicas. As porcentaxes van descendendo gradualmente coa complexidade do servizo.




Figura 39: Asociacións que se relacionan a través da Internet coa Administración, por tipo de uso.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

1.5.2 Vantaxes e barreiras na relación coa Administración

A eliminación dos desprazamentos, a eliminación das limitacións por horarios e a rapidez son os aspectos máis valorados polas asociacións usuarias da administración electrónica.

Pola contra, a metade das organizacións que non empregan esta canle opinan que non teñen a necesidade de facelo.

A Figura 40 reflicte a valoración das vantaxes de relacionárense coa Administración percibidas polas asociacións galegas. Os tres factores máis citados son a eliminación de desprazamentos, a eliminación das limitacións de horarios e a maior rapidez nos trámites, nesta orde. A eliminación do papel é o factor menos valorado dos nomeados explicitamente.




Figura 40: Vantaxes da relación coa Administración Pública pola Internet percibidas polas asociacións galegas usuarias deste servizo.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾

Na banda contraria, tense preguntado ás asociacións non usuarias da Administración Electrónica as barreiras que frean este uso. A principal das citadas, con moita diferenza sobre a seguinte, é a falla de necesidade de empregar dita canle.

Se se considera que o 34% das razóns citadas están moi ligadas á información/formación ("non atopan o servizo que necesitan", "non saben como facelo", "a información é insuficiente"), actuar nesta liña pode ser un bo camiño para incrementar os niveis de uso.




Figura 41: Motivos das asociacións galegas que dispoñen de acceso á Internet e non se relacionan coa Administración Pública a través da rede para non facelo.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾